

FIXA_RSE

O BOLETÍN DO OBSERVATORIO GALEGO DA
RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL



responsabilidade social empresarial

Consellería de Traballo e Benestar - Nº 3 - 2015

Contido:

<i>Estratexia de inclusión social</i>	2
<i>Programa Start Up, Stand Up!</i>	3
<i>Guía de boas prácticas en RSE para el sector TIC</i>	6
O perfil da RSE: Carmen Bouso, directora xeral de Traballo e Economía Social	8

TWEETS DESTACADOS

_A **#RSE** como ferramenta para aumentar a representación feminina no sector **#TIC** en Galicia <http://ow.ly/JaPQT> **#igualdade**

_Conclusións do **#IVCongresoRSE** en Zaragoza <http://ow.ly/JaOPI>

_Os consumidores e consumidoras españois familiarízanse coa **#sustentabilidade?** <http://ow.ly/J6Vj1>

EDITORIAL

OS RETOS DA RSE

Se pensamos en clave de responsabilidade social, o pasado ano 2014 supuxo un período intenso e con numerosas noticias que puxeron de relevo a importancia que teñen a transparencia e a información como elementos claves para a xeración de confianza.

Non resultará estraño se dicimos que será esta, a **confianza entre o cidadán e as organizacións**, a peza clave para que a RS continúe o seu camiño polo éxito.

Para iso, neste 2015, será necesario pasar da teoría á práctica. En primeiro lugar, porque será o momento de poñer en marcha a Estratexia española de RSE. Será necesario un compromiso conxunto de todos os actores da sociedade española, especialmente políticos e empresariais, para que o contido do plan consiga os obxectivos perseguidos.

Todo iso sen perder de vista as numerosas accións, proxectos e plans que as empresas galegas impulsan e que son o verdadeiro motor da innovación en materia de RSE na nosa comunidade.

En 2015 tamén haberá que poñer o foco sobre temas diversos pero que se enmarcan na RSE, como pode ser a próxima aprobación do **Plan de empresa e dereitos humanos**, o anticipo do que supoñerá a futura Directiva europea sobre diversidade ou a celebración da **Conferencia de nacións unidas sobre cambio climático** que terá lugar a finais de ano en París. Este último acontecemento condicionará, a bo seguro, toda unha serie de políticas ambientais cun grande impacto sobre a competitividade e desenvolvemento das empresas galegas e nacionais.

O principal reto, sen dúbida, será incrementar a cantidade e calidade do emprego que se xere.

Da mellora neste aspecto depende en gran parte o impacto do resto de medidas que as empresas poñen en marcha; xa que contar con empregados comprometidos condiciona, sen dúbida, a boa saúde da RSE na empresa. Alcanzar todos estes obxectivos é unha tarefa compartida que, sen dúbida, nos compromete a todos. Pero, cando do que se trata é de mellorar o nivel de benestar e progreso, todo esforzo é pouco. **Fagamos posible, pois, que estes retos da RSE para 2015 se transformen en realidade.**

Un saúdo,
Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar
Xunta de Galicia

CRÉDITOS | Edita: Dirección Xeral de Traballo e Economía Social — Consellería de Traballo e Benestar

Elaboración e maquetación: CIMAS | ISSN:2386-3951

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver una copia da licenza visite: <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>



XUNTA DE GALICIA

GALICIA XA CONTA COA SÚA ESTRATEGIA DE INCLUSIÓN SOCIAL

En 2014 foi aprobada a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020. Este documento é **un marco integrado de intervencións para dar resposta, de forma efectiva e coordinada, ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión sociolaboral que se dan en Galicia.**

O obxectivo principal é lograr que as persoas encontren os apoios necesarios para alcanzar a súa inclusión social e laboral.

O documento foi deseñado pola Consellería de Traballo e Benestar de la Xunta de Galicia e fai especial fincapé na necesidade de implicar ao tecido empresarial galego na consecución dos seus obxectivos. É por iso que a estratexia pretende, entre outras cousas, **promover a colaboración da iniciativa privada nos obxectivos de inserción laboral das persoas máis vulnerables;**

fomentar no ámbito laboral a igualdade entre mulleres e homes e a diversidade ou habilitar recursos de apoio para fomentar a inclusión socio laboral das persoas con discapacidade.

Entre as medidas concretas destacan o desenvolvemento do selo **Empresa inclusiva**, establecido na Lei 10/2013; a difusión de boas prácticas e iniciativas empresariais comprometidas co desenvolvemento dunha sociedade inclusiva; o apoio a liñas de axuda que incentiven as empresas á contratación de persoas pertencentes a colectivos e en risco de exclusión; o incentivo a organizacións que promovan titorías sobre RSE ou a promoción e implantación de plans de igualdade e programas de conciliación nas empresas galegas, no marco do Plan estratéxico galego de responsabilidade social empresarial 2012-2014.

[O documento completo está dispoñible nesta [web](#)]

“O OBXECTIVO PRINCIPAL DA ESTRATEGIA É LOGRAR QUE AS PERSOAS ATOPEN OS APOIOS NECESARIOS PARA ACADAR A SÚA INCLUSIÓN SOCIAL E LABORAL ”



POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA START UP, STAND UP!

A finais do pasado ano, a Universidade de Vigo acolleu a xornada de lanzamento do programa **StartUp, StandUp!** Neste programa constituíuse un grupo de empresas galegas de recente creación que, nos próximos meses, colaborarán con estudantes galegos co fin de avanzar de forma conxunta na RSE empresarial, dun xeito moi práctico e accesible.

O acto de sinatura serviu de lanzamento do programa; visibilizando as empresas participantes e os mozos e mozas, como forma de poñer de relevo a súa implicación co programa. Estivo presente a **Asociación de Mozos Empresarios de Vigo**.

Tamén asistiron algunhas das empresas participantes, como **Alvariza** (*empresa de servizos ambientais*) e **VidaHora** (*plataforma para o fomento da saúde no traballo e hábitos de vida saudables*). Así mesmo, asistiron os estudantes do **máster universitario en Administración Integrada de empresas e RSC da Universidade de Vigo**, os cales forman parte deste programa, e unha das súas coordinadoras, M^a Carmen Otero Neira, do **Departamento de organización de empresas e mercadotecnia**. O acto simbólico de sinatura no que se representou o compromiso por todas as partes de colaborar e integrar a RSE nestes modelos empresariais,

estivo encabezado pola **directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso Montero**.

Tras a apertura do acto, interviñeron os representantes dos alumnos e alumnas e das empresas, os que achegaron a súa visión sobre os beneficios da RSE, unha descrición do programa e as vantaxes que supón poder avanzar neste tipo de cuestións relacionadas coa RSE. Posteriormente asinaron a Xunta de Galicia, os representantes das StartUp participantes, así como os representantes dos mozos e mozas que integran o máster da Universidade de Vigo.



PRESENTADA A ESTRATEXIA ESPAÑOLA DE RSE

A finais de 2014 foi presentada en Madrid a **Estratexia española de responsabilidade social empresarial (RSE)**. No acto, Miguel Ángel García Martín, director xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas do Ministerio de Emprego e Seguridade Social presentou as directrices da estratexia, que se estrutura en tres bloques: transparencia, bo goberno e exemplaridade; promoción da RSE no contexto actual priorizando a obtención de emprego e, finalmente, a creación dun marco común de referencia para todo o territorio. Para García Martín esta estratexia ten por obxectivo *"comprometer empresas públicas e privadas cara a unha sociedade máis competitiva, sustentable e integradora, favorecendo o impulso e desenvolvemento da RSE no tecido produtivo de España"*.

Así mesmo, o director xeral subliñou o labor do Consello Estatal de RSE (CERSE) na realización dun documento que "é o mellor para todos" e recalcou que, antes de todo o proceso electoral, España terá listo un Plan de acción de RSE.

A estratexia é o resultado de toda unha serie de actuacións que responden ás recomendacións plasmadas na Estratexia renovada da Unión Europea sobre responsabilidade social das empresas, que insta aos países membros a impulsar políticas nacionais en materia de RSE e que compromete as empresas, as administracións públicas e o resto de organizacións para avanzar cara a unha sociedade e unha economía máis competitiva, produtiva, sustentable e integradora.

A estratexia é, así mesmo, un documento que é o resultado de máis dun ano de traballo en cuxa elaboración participaron os catro grupos que compoñen o Consello estatal de

responsabilidade social das empresas (administracións públicas, empresas, sindicatos e sociedade civil organizada), ademais doutros ministerios, as comunidades autónomas, as entidades locais, responsables de RSE de grandes empresas e expertos académicos.

A Estratexia española de responsabilidade social das empresas aspira a impulsar accións que buscan reforzar e aliñar os compromisos das empresas e das administracións públicas coas necesidades e preocupacións da sociedade española, entre as que se encontra a xeración de emprego. Tamén se pretende contribuír a reforzar os modelos de xestión sustentables que axuden ás empresas a ser máis competitivas e, ás administracións públicas, máis eficientes. Ademais, potenciaranse aqueles programas de responsabilidade social que impulsen a MARCA ESPAÑA, a credibilidade internacional e a competitividade da economía




PRESENTADA A ESTRATEXIA ESPAÑOLA DE RSE

española, xunto á sustentabilidade e a cohesión social.

O documento inclúe unha clasificación das sesenta medidas que recolle segundo a súa prioridade (trece son de prioridade moi alta, dezasete son de prioridade alta e trinta son de prioridade media) e determina que entidades son as encargadas de impulsar e poñer en marcha cada unha das actuacións.

De igual forma, co obxecto de facer un seguimento de cada unha das medidas, a Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas realizará un informe anual que se presentará ao Consello Estatal da Responsabilidade Social das Empresas e á Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais para a súa posterior avaliación.

A photograph showing the silhouette of a person standing on a wooden pier, looking out at the ocean. The image is overlaid with a blue gradient that transitions from light blue at the top to dark blue at the bottom, matching the page's design.


**“COMPROMETER
EMPRESAS PÚBLICAS
E PRIVADAS CARA A
UNHA SOCIEDADE
MÁIS COMPETITIVA,
SUSTENTABLE E
INTEGRADORA,
FAVORECENDO O
IMPULSO E
DESENVOLVEMENTO
DA RSE NO TECIDO
PRODUTIVO DE
ESPAÑA ”**

Esta guía foi presentada o pasado 15 de decembro nas instalacións do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, aproveitando a celebración da Xornada RSE e as TIC enmarcada na iniciativa pública transrexional "**Rede Transrexional de Impulso da RSE**" promovida pola Consellería de Traballo e Benestar.

Esta guía foi elaborada como froito dun protocolo de colaboración entre a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), dentro do programa de Voluntariado Dixital, e ten, como un dos obxectivos principais, o de dotar dunha base común para facilitar a aplicación da RSE por parte das empresas do sector e explorar alternativas de mellora da xestión das súas organizacións.

Esta guía, ademais dunha estrutura similar ao resto de guías sectoriais publicadas xa pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, conta cun apartado de experiencias de empresas que pode servir de exemplo e estímulo a outras empresas do sector.

A **Guía sectorial para o sector TIC** está dispoñible para a súa descarga gratuíta en rse.xunta.es



O Banco de ideas responsables é unha iniciativa impulsada dende o

Observatorio permanente sobre a aplicación da Responsabilidade Social Empresarial nas empresas galegas.

O Banco de ideas é un espazo aberto que aglutina non só eses datos sobre a RSE, senón iniciativas que as empresas, entidades e organizacións galegas están a levar a cabo na materia.

Este banco servirá de **base de datos aberta**, na que a información sexa accesible á cidadanía. Presentará os datos de forma segregada por áreas de coñecemento dentro da RSE: por categoría ou temáticas (*traballo e relacións laborais, sustentabilidade, transparencia, consumo responsable, desenvolvemento da comunidade, conciliación laboral, persoal e familiar...*), por palabra clave, por actor social implicado, etc. O Banco de ideas responsables é tamén un "catálogo" de boas prácticas en RSE en Galicia, un conxunto de accións que as organizacións comunican de forma voluntaria. Este Banco de ideas permite que todo cidadán interesado en saber que se fai por mellorar a sustentabilidade en Galicia poida ter acceso e coñecer as accións postas en marcha polo tecido empresarial e social de Galicia. Tamén supón unha fonte de inspiración para que estas poidan ser replicadas e mellorar o alcance do beneficio.

**XA INSCRIBICHES A TÚA
INICIATIVA NO BANCO DE
IDEAS RESPONSABLES?**

**SE TES UNHA IDEA
OU PROXECTO E
QUERES
COMPARTILO,
PODES CUBRIR O
FORMULARIO
EN LIÑA NO
ESPAZO DO
BANCO DE IDEAS
RESPONSABLES**



O PERFIL DA RSE: CARMEN BOUSO, DIRECTORA XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL

1.- Todo parece indicar que o novo ano será interesante dende o punto de vista da RSE. Cales son os obxectivos que dende a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social se marcaron para este 2015?

É certo que este ano vai ser clave para a consolidación da RSE. Vanse ver os froitos das políticas e accións de RSE que as empresas e organismos públicos veñen implantando nos últimos anos. Por parte da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social fixémonos como un grande obxectivo a elaboración dun novo Plan estratéxico de responsabilidade social 2015-2017, no que estamos a traballar, e a idea é que responda aos retos globais, ás crecentes demandas dos grupos de interese e que estea aliñado coas prioridades e tendencias nacionais, comunitarias e globais na materia.

Ademais continuaremos coa creación de ferramentas que resulten prácticas para as empresas no impulso da RSE, xerar espazos de coñecemento e foros nos que intercambiar experiencias, así como seguir poñendo de relevo o bo facer das organizacións galegas no

impulso de modelos de xestión máis responsables.

2.- Que medidas teñen previsto poñer en marcha para este inicio de ano en materia de RSE?

Ademais do dito, a verdade é que son varios os camiños a través dos cales poder impulsar a RSE, pero quizais as máis concretas sexan a convocatoria dos Premios de RSE de Galicia, como xeito de poñer en valor e recoñecer publicamente o labor daquelas empresas que adoptan prácticas de RS na súa xestión, continuar apoiando o compromiso pola conciliación nas empresas galegas e impulsar a creación de emprego e novas empresas, como StartUp, baixo os principios da RSE.

3.- Coa Estratexia española de RSE xa aprobada, cal é a súa visión sobre o proceso e o resultado final? Como van traballar dende a Xunta de Galicia por achegala á realidade galega, tanto de empresas coma do resto de axentes sociais?

Se ben é certo que quizais os procesos de toma de decisións foron máis longos do esperado; o certo é que a realidade é que a estratexia está aprobada, e

como tal imos tratar de que constitúa un pilar máis a partir do cal construír a nosa estratexia de RS en Galicia. O que trataremos de facer é que todos aqueles principios e medidas que inclúe a estratexia e que supoñan un beneficio ou un valor engadido para os grupos de interese, poidamos levalos á práctica. Facer do marco de xogo que formula a estratexia a nivel nacional, un espazo no que a RSE galega encontre o seu espazo para medrar.

4.- Cada comunidade ten en marcha plans e medidas de impulso á RSE. Hai diferenzas entre a RSE que se fai en cada territorio? Cal cre que é o sinal de identidade da RSE feita en Galicia?

Creo que hai diferenzas no sentido de que as empresas que se encontran aquí contan cunhas características e personalidade propias. E non só penso en grandes empresas; creo que en Galicia existe un tecido empresarial de pemes e empresas de nova creación que están a medrar, que son unha alternativa de futuro sólida e que, afortunadamente, están a saber integrar a RSE de forma natural.

O PERFIL DA RSE



Carmen Bouso, nova Directora Xeral de Traballo e Economía Social

Isto, no medio e longo prazo, estou convencida que distinguirá aínda máis a RSE galega como unha RSE comprometida co ámbito, próxima ás demandas dos seus grupos de interese e cun importante compoñente de sustentabilidade.

5.- Como madurará a RSE; deixará de estar de moda ou pasará a consolidarse con carácter propio nas organizacións?

Creo que este proceso recente no que a RSE se foi configurando como unha forma de xestionar as organizacións non ten volta atrás.

E pénsoo porque non hai unha forma mellor de enfrentarse aos desafíos que formula o futuro máis inmediato que sendo responsables. Só integrando os valores e principios que se enmarcan nela se poderá construír un carácter diferenciador e sólido que permita seguir avanzando.

“2015 VAI SER UN ANO CLAVE PARA A RSE GALEGA. UNHA RSE ENTENDIDA COMO O COMPROMISO CO ÁMBITO, PRÓXIMA ÁS DEMANDAS DOS GRUPOS DE INTERESE CUN FORTE COMPOÑENTE DE SUSTENTABILIDADE COMO CLAVE DE FUTURO ”

O PERFIL DA RSE

6.- En número de empresas, o tecido empresarial está formado maioritariamente por pemes. Un dos retos é salvar o chanzo entre o traballo que fan as grandes empresas en materia de RSE e o que poden facer as pemes. Como se pode axudar estas pemes para que non se queden atrás?

As pemes teñen unhas características que as fan máis vulnerables aos cambios que se produciron, e quizais por iso é precisamente a este perfil de empresas ao que hai que explicar por que a RSE pode axudarlles a que o negocio prospere no futuro, que sexan máis competitivas e máis valoradas socialmente. Dende a Xunta estamos a poñer a disposición das pemes ferramentas gratuítas e guías de implantación da RSE en diferentes sectores, que seguiremos ampliando nos próximos meses. Tamén potenciaremos que as pemes poidan acceder a iniciativas de liderado, para seguir medrando e aprendendo dos que máis saben, e así a RSE pase a ser un elemento máis do seu día a día.

7.- Parece que as empresas teñen bastante interiorizado o concepto e os beneficios da RSE. Cre que a sociedade está o suficientemente sensibilizada coa RSE ou é necesario incrementar a información ao público en xeral?

Neste sentido creo que queda percorrido por facer. É certo que a cidadanía ten un maior acceso á información agora que hai tan só uns anos e se está a dar unha crecente demanda por parte da sociedade de comportamentos responsables, por iso o reto está en que se visualice o valor dos produtos e servizos cando son realizados por empresas socialmente responsables. E nesta tarefa non podemos delegar unicamente nas empresas, senón que a propia administración así como os medios de comunicación, as escolas e centros educativos e as familias poden achegar algo. Unha sociedade máis sensible aos temas de RSE será, sen dúbida, unha sociedade máis sustentable.

8.- Como pode axudar a administración pública para que todo ese valor compartido sexa coñecido pola cidadanía e, en consecuencia, máis valorado?

A administración pública é, sobre todo, un organismo con capacidade para xerar sinerxías e beneficios compartidos. Non só se trata de administrar, senón tamén de promover a adopción de comportamentos que supoñan un beneficio común. E, como estamos convencidos que a RSE, ou RS "a secas" abrangue a todo tipo de organizacións, non só ás empresas, achega valor común para todos, é polo que seguiremos traballando para facela real e próxima a empresas, organizacións e cidadanía, impulsando comportamentos responsables nas administracións públicas, tanto no ámbito da súa xestión interna coma na súa relación cos grupos de interese, de tal forma que sirva de exemplo para o resto da sociedade.

O PERFIL DA RSE

9.- Nun contexto de competitividade e necesidade de xerar emprego, que barreiras é necesario superar para avanzar na implantación da RSE?

Máis que barreiras, en xeral, o que debe quedar claro é que a RSE é algo que cada empresa, cada organización debe facer seu, adaptalo, crealo dende dentro para que sexa efectivo. Se é así, se se fai ben, as barreiras non serán barreiras para implantar a RSE senón que serán as barreiras habituais que poden atopar as empresas para internacionalizarse ou para ser máis competitivas.

10.- Para rematar, como visualiza o futuro próximo e afastado da RSE en Galicia?

A RSE en Galicia iniciou un camiño importante co primeiro Plan estratéxico 2012-2014, que agora revisamos e logrou contar co compromiso de empresas, axentes sociais e terceiro sector. Materializouse a través de encontros, documentos, plans e accións de moi diverso tipo. Atrévome a prognosticar que a saúde da RSE en Galicia será boa, con capacidade para adaptarse ás necesidades da sociedade e ás demandas dos cidadáns.



“O RETO ESTÁ EN QUE SE VISUALICE O VALOR DOS PRODUTOS E SERVIZOS CANDO ESTÁN ACHEGADOS POR EMPRESAS SOCIALMENTE RESPONSABLES [...] UNHA SOCIEDADE MÁIS SENSIBLE AOS TEMAS DE RSE SERÁ, SEN DÚBIDA, UNHA SOCIEDADE MÁIS SUSTENTABLE”

CREADOS OS PREMIOS DE RSE DE GALICIA



O Diario Oficial de Galicia (Núm. 242) fixo público o Decreto 156/2014, do 4 de decembro, polo que constitúen os Premios de RSE de Galicia que perseguen **promover e difundir a responsabilidade social empresarial de acordo co previsto no Plan estratéxico de responsabilidade social empresarial (2012-2014)**.

O obxectivo destes premios é **recoñecer publicamente aquelas iniciativas e boas prácticas** desenvolvidas polas empresas galegas en calquera das dimensións ou ámbitos da RSE, como forma de difundir o esforzo que levan a cabo as organizacións, ao mesmo tempo que se sensibiliza as demais organizacións sobre a importancia de incorporar a RSE na súa xestión.

Os premios **terán unha periodicidade anual** e poderán optar a eles as empresas públicas ou privadas galegas, ou que contén con centros de traballo en Galicia que, a través das súas políticas e sistemas de xestión, desenvolvan actuacións responsables nos ámbitos social, económico ou ambiental.

Haberá **catro modalidades** ou recoñecementos diferentes:

- No **ámbito social**, no que terán en conta aspectos como creación de emprego, calidade do emprego, diversidade, igualdade, integración social, formación, acción social, compromiso coa comunidade local ou calquera outro que redunde neste ámbito.
- No **ámbito ambiental**, no que se valorarán aspectos relativos ao impacto ambiental que xera a empresa na súa actividade.
- No **ámbito económico**, no que terán en conta a innovación, calidade ou ética empresarial, e
- No **ámbito da conciliación laboral, familiar e persoal**, no que avaliarán os aspectos que faciliten ao seu cadro de persoal a conciliación, a través de medidas tales como reorganización de tempos e espazos; recursos e estruturas para o coidado doutras persoas; medidas que posibiliten o seu desenvolvemento persoal...

En función do tipo de empresa que opte a calquera das modalidades dos premios, contarán con **tres categorías**: pequena empresa, mediana empresa e grande empresa.

Na súa concesión intervirá un xurado, presidido pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, e do que formarán parte representantes de diferentes consellerías, representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas de Galicia, así como persoas expertas en RSE. **Este recoñecemento terá un carácter honorífico e carecerá de dotación económica.**

Se queres que a túa empresa alcance este galardón, implícate en materia de RSE na túa organización e permanece pendente do noso blog e da web rse.xunta.es nos que vos informaremos, nos próximos meses, sobre a convocatoria para 2015 dos Premios de RSE de Galicia.



PREMIOS DE RSE DE GALICIA

Información en rse.xunta.es



responsabilidade social empresarial

Iniciativa destacada: PUBLICADO O INFORME DE SUSTENTABILIDADE DE ESPAÑA 2014

SOSTENIBILIDAD
EN ESPAÑA 2014

SOS
14



OBSERVATORIO DE LA SOSTENIBILIDAD
www.observatoriosostenibilidad.com

O *Observatorio de la Sostenibilidad* continúa traballando para poder lograr que a sustentabilidade sexa unha materia medible e, con iso, poder avanzar de xeito real.

O informe "*Sostenibilidad en España 2014*" pretende estar na liña doutras publicacións anuais como a do *World Resources Institute (WRI)*, centrada nas seis claves (clima, enerxía limpa, alimentación, bosques, auga e cidades e transporte) ou o do *Worldwatch Institute "State of the World 2013: Is Sustainability Still Possible"* (editado en España pola *FUHEM Ecosocial*) que describe o estado do mundo respecto á sustentabilidade nos seus múltiples aspectos.

Neste caso, recollendo as principais tendencias de sustentabilidade en España, o informe formula a necesidade de pasar das palabras á acción con obxectivos, plans e metas concretos, con implicación directa de administracións, empresas e cidadanía, cada un ao seu nivel, analizando o cumprimento escrupuloso da lexislación e promovendo a ampliación dos obxectivos de sustentabilidade desta. A idea final é que todo este proceso garanta o benestar e a calidade de vida dunha forma duradeira no tempo.

A base do informe é analizar a situación actual e as tendencias do futuro en materia de sustentabilidade segundo unha serie de indicadores, agrupados en tres tipoloxías:

- **Indicadores de sustentabilidade socioeconómicos.** Inclúense os datos de EUROSTAT de desenvolvemento sustentable e outras variables relacionadas coa Estratexia de desenvolvemento sustentable que, aínda que non se seguiu en España dende a súa aprobación, si que incorpora algúns dos seus índices, recolléndoo nos sucesivos plans nacionais de reformas.
- **Indicadores de sustentabilidade ambiental.** Inclúense os datos de EUROSTAT de desenvolvemento sustentable e outras variables relacionadas coa Estratexia de desenvolvemento sustentable que teñen relación directa co medio. Como os anteriores, algúns deles incluíronse nos sucesivos plans nacionais de reformas.
- **Indicadores sintéticos.** Que poden aproximarse á medida da felicidade, o benestar, o progreso das sociedades, o desenvolvemento humano ou os novos indicadores inspirados en Río+20 .

***O *Observatorio de la Sostenibilidad (OS)* nace en decembro de 2014 coa finalidade de dar continuidade ao labor investigador e informativo iniciado en 2005 en temas de análise de sustentabilidade. O obxectivo do OS é facer unha radiografía real, veraz e independente da situación de España en temas de sustentabilidade, baseada en metodoloxías e indicadores destinados a describir a sostibilidade de diversos procesos (ambientais, sociais e económicos) e avaliar mecanismos de xestión garantés desta (situación, tendencias e escenarios)**

Todo o seu traballo pode ser consultado na [páxina web do OS](#).



XUNTA
DE GALICIA